

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e dezaseis minutos do día vinte e dous de abril de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, por imposibilidade de asistencia de don Felipe Andreu Barallobre.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro municipal.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Actúa como secretaria dona M^a Ángeles Gutiérrez Sánchez, por delegación da secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA

E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2008.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, sinala que as intervencións de don Francisco Javier Varela Tejedor e de dona Carmen Tato Lago, están incompletas, e insistiu en que quedara claro se don Francisco Javier Varela Tejedor coñecía o destino do traballo de don Roberto Naveira, solicitando que sexa recollido este punto na acta, e engadindo que a diverxencia non é co que pon a proposta de borrador da acta senón co que falta nela.

Acórdase deixar a aprobación deste asunto para a seguinte sesión informativa.

2º Proposta de modificación do acordo do pleno de 30 de agosto de 2007 respecto da constitución, con carácter permanente, da Mesa de Contratación

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 16 de abril actual.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, solicita que se modifique a proposta de referencia no relativo ao representante do PP na mesa de contratación, substituíndo a “D^a M^a Jesús González Roel” por don Santiago Manuel Ríos Rama.

A comisión en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo para o pleno da corporación:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de Contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 161 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 295 da antedita Lei 30/2007.

Segundo: Que se designe como representante do grupo municipal do PP, a don Santiago Manuel Ríos Rama, e, como suplente, a don Nicolás José Cubeiro Martínez.

Terceiro: Que se designe como suplente da secretaria da Mesa de Contratación á técnica de xestión de Admón. Xeral dona M^a de los Ángeles Gutiérrez Sánchez.

Cuarto: Publíquese o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

3º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 4384 o 18 de abril actual.

1º Cando se construíu a presa de Cecebre, expropiándose terreos no noso termo municipal para a construción do encoro. O noso grupo municipal xa ten preguntado ao goberno do concello se por parte de EMALCSA se recibía algunha compensación económica, tendo en

conta ademais o posible perigo que supón unha instalación destas características no noso concello.

O veciño Concello de Abegondo reclamou ao da Coruña, os pagos do IBI polos terreos expropiados polo mencionado encoro.

- Pregamos que o goberno de Cambre, por medio dos seus servizos xurídicos, e demais medios que considere oportunos, valore a posibilidade de reclamar a quen corresponda, e se realicen os trámites pertinentes para o pago do IBI correspondente ás propiedades expropiadas.

- Que das xestións realizadas se informe á Corporación no vindeiro pleno municipal.

O Sr. alcalde contesta que se estudará polos Servizos Xurídicos e informarase aos concelleiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás engade que como consecuencia das expropiacións cortáronse camiños de acceso a outras fincas. E sinala que o concello non obtén beneficio ningún deste asunto.

2º Pode informarnos o goberno en que situación se atopan as negociacións co Arcebispado de Santiago, respecto do posible uso municipal da casa rectoral da parroquia de Bribes?

O Sr. alcalde contesta que se están a barallar varias posibilidades, entre elas atópase en negociacións o aluguer dunha casa preto do lugar para destinala a escola- xardín

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 4402 o 19 de abril actual.

1ª Existe na actualidade algún convenio de colaboración vixente ou en fase de negociación entre a Universidade da Coruña e o Concello de Cambre?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta, en nome do seu compañeiro de goberno don José Venancio Salcines Cristal, que actualmente non existe convenio, non obstante estase a negociar un Plan de Emprego Conxunto co Observatorio Ocupacional da UE da Coruña, que está pendente de consignación presupuestaria.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 4401 o 19 de abril actual.

1ª Nas resolucións da Alcaldía do mes de marzo aparece o pago por indemnización de asistencia ao concelleiro delegado de Facenda, Sr. Salcines. Solicitamos que se informe das razóns deste pago de 2000 euros.

Contesta don Francisco Javier Varela Tejedor que segundo informa a unidade de réxime interior, o pago de referencia correspóndese coas indemnizacións por asistencias que tiveron lugar no período comprendido entre o 26 de xullo de 2007 e o 13 de febreiro de 2008, que ata agora non foran cobradas polo concelleiro.

2ª Cando se vai convocar aos voceiros, ou á comisión informativa correspondente para presentar, discutir e ditaminar as propostas para as bases de selección de persoal nas prazas de auxiliares administrativos?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que no día seguinte ao desta sesión fará chegar aos concelleiros a proposta de referencia.

3ª Están xa alugados os locais que, supostamente, van destinados aos grupos municipais?

O Sr. alcalde responde que é necesario pintar o local, para rematar de acondicionalo.

Don Luis Miguel Taibo Casás replica que no último pleno parecía que só faltaban os mobles.

Outros concelleiros súmanse a esta afirmación.

O Sr. alcalde engade que se está a buscar unha empresa que faga o traballo.

4ª No pleno de xaneiro aprobouse unha moción do BNG na que se decidía a elaboración dun protocolo de emerxencias en relación ás instalacións de gas. Como está a elaboración deste protocolo e o resto das cuestións aprobadas na moción?

Don Oscar Souto Muíño, enxeñeiro municipal, contesta que na reunión cos responsables de Gas Galicia asegurouse ao concello que non se repetirán incidentes como o do mes de xaneiro, e que a empresa se comprometeu a particularizar as incidencias para Cambre, e a poñer GPS nas tapas.

5ª Como está o expediente de reclamacións de responsabilidade polo accidente do gas do paseo marítimo?

Don Oscar Souto Muíño, enxeñeiro municipal, informa que o expediente en concreto é dos particulares, non do concello.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, explica que con esta cuestión se referían ás consecuencias do incumprimento das condicións da licenza.

O enxeñeiro municipal responde que ese asunto compete á Consellería.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo finaliza a súa intervención sinalando que está ben o compromiso de particularizar incidencias para Cambre, e o do GPS nas tapas, pero engade a necesidade dun protocolo para o Servizo de Protección municipal e para os técnicos municipais, ante casos de emerxencia, como foi aprobado en Pleno.

O Sr. alcalde engade que se van a impartir unhas xornadas formativas por parte de Gas Galicia.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2008.

Os membros da comisión acordan deixar a aprobación da acta para a seguinte sesión desta Comisión.

2º Proposta de adhesión do Concello de Cambre á Carta de Aalborg e á Carta de Lisboa.

Dada conta da proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 17 de abril actual.

A comisión en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo para o pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a adhesión do Concello de Cambre á Carta de Aalborg e á Carta de Lisboa.

Segundo: Dar conta da adhesión ao Consorcio As Mariñas como xestor do proxecto de implantación da Axenda Local 21 no territorio do Consorcio As Mariñas.

3º Proposta de celebración do “Día da árbore” o 21 de marzo dos vindeiros anos.

Dada conta da proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 15 de abril actual.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, solicita que conste en acta que a proposta de referencia partiu do grupo municipal de EU-IU. Así mesmo pregunta por que a campaña escolar de plantación de árbores só se localiza no contorno do río Mero.

A concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que o fin desta iniciativa é facer máis atractiva a senda peonil.

O Sr. alcalde propón substituír no parágrafo 5º da proposta onde di: “... no contorno do río Mero.” dicir: “... no contorno do río Mero, en prazas e outros lugares que se estimen oportunos”.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, pregunta que significado ten a referencia que se fai na proposta da concelleira de Medio Ambiente, cando di no parágrafo 4º: “... regule a produción madeira, xerando emprego e riqueza ...”.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se trata “de regular a produción”, e concreta que a fin última é concienciar aos pequenos escolares no tema das árbores.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se existe algún proxecto.

Don Francisco Javier Varela Tejedor explica que o equipo de goberno cre nun desenvolvemento sostible e que non se está a falar dun proxecto concreto.

A comisión en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo para o pleno da corporación:

Aprobar a celebración do Día da Árbore, no día 21 de marzo e promover unha xestión forestal sostible.

4º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 4384 o día 18 de abril de 2008.

1º O pasado día 9 tivo lugar unha reunión entre representantes do concello e veciños do Graxal, para tratar sobre as obras de remodelación da praza Manuel Murguía.

Pregamos se nos informe dos temas tratados e dos posibles problemas existentes.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o problema é que se quiten prazas de aparcamento existentes e que se creen noutras zonas segundo informe da policía local, pero sempre que os veciños e empresarios da zona estean de acordo. Esta reunión foi meramente informativa e non houbo moita afluencia.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que solicitaran esta información por rexistro de entrada o 17 de xaneiro de 2008 e que non tiveron acceso a esta información.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que a dita información está colgada na páxina web do concello, e na Casa das Palmeiras.

2º A estrada autonómica que comunica Pravio co veciño Concello de Bergondo, carece de beirarrúas no treito dende Fraís á Mota, o que a fai sexa unha das máis perigosas do concello para a circulación peonil.

O noso grupo municipal prega se solicite do goberno da Xunta de Galicia, de forma urxente, a mellora da seguridade viaria no mencionado treito.

Don Luis Miguel Taibo Casás engade que o treito de Fraís é perigoso.

O Sr. alcalde amosa a súa conformidade con esta afirmación.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 4401 o día 19 de abril actual.

1ª Que seguimento se está a facer da modificación dos lugares dos colectores de lixo en todos os percorridos?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE, contesta que os novos colectores son máis grandes e por iso os teñen que poñer noutro lugar. Estase a buscar o lugar no que, segundo a brigada de obras e os técnicos municipais, o tamaño dos colectores menos moleste á visibilidade. Se o sitio elixido para o novo colector non fora o máis adecuado cambiaríase a un lugar máis pertinente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo propón esperar un tempo prudencial, pero considera que o lugar máis propicio para os colectores non é o destinado ao paso da xente nin aquel no que habitualmente hai vehículos estacionados en dobre fila.

2^a En novembro o alcalde contestounos que se ía a solicitar a inclusión na Axencia da Legalidade Urbanística. Está feita esta solicitude?

O Sr. alcalde responde que xa se tramitou e que se está pendente de concertar unha reunión. Engade que os técnicos municipais manifestan que se unha vez iniciado expediente sancionador, este se pasa á Xunta, o concello queda á marxe, polo que é preciso valorar os “pros” e os “contras” de quedar desvinculados, tendo en conta que a Xunta non é axil á hora de tramitar estes expedientes. Engade que hai que tratar este asunto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, amósase de acordo co dito polo Sr. alcalde, e engade a necesidade de finalizar estes expedientes no caso de que se leve a súa tramitación no concello. Sinala que non posúe os datos necesarios para valorar como está o departamento municipal en comparación con outros concellos adscritos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, recorda que se teñen denunciado obras na marxe do río é non está terminado o expediente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo engade que deberían de ser reiteradas esas denuncias ou ben buscar outra solución.

O Sr. alcalde contesta que no relativo a ese asunto, pasaron as denuncias a Aguas de Galicia

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 4384 o 18 de abril actual.

1^a Cal é o motivo para non instalar o sinal no camiño que procede do Rocón cara á casa do concello, no seu último tramo, na confluencia co Campo da Feira pequeno, solicitada nunha comisión informativa no mes de outono, e aceptada pola responsable da área?

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que a día de hoxe os sinais de tráfico xa están instalados, e dá por contestada a pregunta.

2ª Que problemas existen na iluminación pública no lugar de Fraís, que leva máis dunha semana sen funcionar?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, dá conta da reunión mantida cos veciños para pedir-lles permiso para entrar na súa propiedade privada co fin de podar ás árbores.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que o último é cortar a iluminación.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que ante a perigosidade da situación, decidiuse por prevención cortar varios días a luz.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2008.

Os membros da comisión acordan deixar a aprobación da acta para a seguinte sesión desta Comisión.

2º Proposta de aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre 2008.

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 3 de abril de 2008.

Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE, informa que o único que cambia con respecto do ano anterior, é a esixencia de levar empadroadado un mínimo de catro anos consecutivos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, pregunta se o ano pasado se lle denegou a alguén, por non ter os tres anos de residencia continuada.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que informará aos señores concelleiros en canto teña eses datos.

A comisión en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo para o pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2008, que se achegan como anexo I.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia.

3º Rogos e preguntas

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

1ª Para o vindeiro mes de agosto celebranse as festas patronais de Cambre.

O noso grupo prega aos responsables do goberno, poñan en marcha a celebración dun concurso de carteis para anunciar e promover as festas de agosto na capital municipal.

Dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE, contesta que a proposta é interesante e que aínda está sen decidir.

2ª A principios da lexislatura aprobouse a construción dunha pista deportiva para a práctica de skate, no lugar de Lendoiro na Barcala.

Poden informarnos en que situación se atopa o proxecto de realización da área deportiva?

Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE, informa que se ben na última reunión elixiuse un lugar determinado, este atópase co problema da condución do gas, polo que

estase a sopesar a convocatoria dunha nova reunión para estudar novos proxectos, aínda que o problema é o da localización.

3ª Rematado o prazo de solicitude para matrícula escolar nos centros públicos do concello.

- Cal é a demanda existente?
- Son suficientes as prazas para cubrir a dita demanda?

Don Jaime Manuel López Lisnier, dá lectura ao informe das prazas ofertadas e solicitadas nos CEIPs de Cambre para o curso 2008-2009.

4ª Que actividades e actos ten previsto realizar o concello, con motivo da celebración do día das Letras Galegas?

Dona Erundina Prado Arcay dá lectura ao programa de festexos previsto para o día das Letras Galegas, que se desenvolverá os días 16 e 17 de maio.

5ª Que problemas existen na iluminación pública no lugar de Fraís, que leva máis dunha semana sen funcionar?

Xa foi contestada.

Neste momento, por parte do grupo municipal do PP, solícitase que se dea contestación á unha das preguntas rexistradas de entrada ao núm. 4402, o día 19 de abril de 2008, que quedou sen contestar na comisión informativa correspondente, e que se transcribe a seguir:

- Para cando está prevista a vindeira reunión da Comisión Especial do AVE?

O Sr. alcalde contesta que se decidirá despois da próxima semana.

Preguntas do PP presentadas oralmente

O voceiro deste grupo municipal pregunta cal é a razón de que aos cidadáns que non teñen condución do gas pola súas fincas, cando solicitan a acometida da rede de sumidorios se lles esixa a certificación de gas.

O enxeñeiro municipal de camiños contesta que isto é produto dunha decisión xurídica do concello relativa á aplicación da norma específica na materia. Sinala que se podería

discriminar por onde pasa a dita conducción e só esixir a certificación de referencia neses casos.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria por delegación, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria
P.D.

Mª Ángeles Gutiérrez Sánchez